

CONCELLO DE RIBEIRA

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DA AXUDA PARA O FUNCIONAMENTO E GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 E PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Entidade interesada: CONCELLO DE RIBEIRA
Escola Infantil / PAI: ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE RIBEIRA
Expediente núm: BS420D-25-00006
Procedemento: BS420D

ANTECEDENTES

1. O CONCELLO DE RIBEIRA solicitou a axuda económica para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da escola infantil 0-3/punto de atención á infancia de titularidade municipal ao abeiro da ORDE do 18 de agosto de 2025 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2025/26, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420D).
2. A Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación comprobou a presentación en tempo e forma da solicitude e o cumprimento de todos os requisitos necesarios para a súa concesión.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O concello solicitante cumpre cos requisitos esixidos na devandita orde, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
2. Na tramitación observáronse os requisitos e prescricións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
3. O cálculo da axuda realízase conforme ao establecido no artigo 4 da citada orde e aos datos facilitados polo concello solicitante.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade é o competente para resolver esta solicitude de conformidade co establecido no artigo 11 da Orde reguladora desta subvención.

De acordo con todo o indicado RESOLVO:

1. A concesión dunha axuda pola liña 1 por importe de 66.000,00 € para gastos de mantemento da escola infantil 0-3 /PAI desagregada da seguinte maneira:

A axuda correspondente a anualidade 2025, ascende a 24.000,00 €.
A axuda correspondente a anualidade 2026, ascende a 42.000,00 €.

2. A concesión dunha axuda pola liña 2 por importe de 76.493,34 € para a gratuidade da atención educativa na escola infantil 0-3/PAI desagregada da seguinte maneira:

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: conselleiro de Política Social e Igualdade
PD O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización
Data e hora: 04/12/2025 14:32:40

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: 8aerDHWtX4 https://sede.xunta.gal/ove



FIRMANTE - FECHA		ENTRADA: 202529410
AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA-SELLO ELECTRÓNICO - 09/12/2025		Fecha: 09/12/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2025 11:03:46		Hora: 11:02
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA GENERAL 2025 29410 - 09/12/2025 11:02		Und. reg:GENERAL



A axuda correspondente aos meses de Setembro a Decembro do 2025, ascende a 27.815,76 €.
A axuda correspondente aos meses de Xaneiro a Xullo do 2026, ascende a 48.677,58 €.

3. Que é obrigatorio observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ademais especificamente o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 18 das bases reguladoras.
4. Que no suposto de que a axuda concedida non sexa destinada aos fins para os que se outorgou nin se aplique nas condicións establecidas ou se incumpra a obriga de xustificación ou xustificación insuficiente, revogarase esta resolución e o perceptor estará obrigado ao seu reintegro, de conformidade co artigo 19 da orde reguladora.
5. Que esta resolución poderá modificarse cando existan variacións no número de unidades en funcionamento ou no número de prazas ocupadas durante o período de aplicación desta convocatoria dando lugar ao ditado de resolucións complementarias da axuda ou ao ditado das resolucións revogatorias que procedan segundo o establecido no artigo 14 das bases da convocatoria.
6. Que se presentará a xustificación da axuda con data límite do 31 de xullo de 2026.
7. Que se realizará un pagamento anticipado do 100% da cantidade correspondente á anualidade de 2025, que se fará efectivo a partir da notificación da concesión.

Na anualidade 2026 librarase un pagamento anticipado de ata o 90% da subvención que corresponda á dita anualidade. O importe restante librarase unha vez xustificando os gastos e/ou número de prazas para as que se concedeu a axuda nos termos establecidos na convocatoria e tendo en conta as modificacións que procedan de acordo co previsto no seu artigo 14.

Esta resolución esgota a vía administrativa e, contra ela pódese interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución. Neste caso non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto, expresamente ou por desestimación presunta, o recurso de reposición.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o disposto nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A conselleira de Política Social e Igualdade
PD O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo Rey Sastre

Asinado por: REY SASTRE, JACOBLO JOSE
Cargo: conselleira de Política Social e Igualdade
PD O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización
Data e hora: 04/12/2025 14:32:40

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: 8aerDhweTx4 https://sede.xunta.gal/ove



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019ED6A00Q4V6D9R1N3O7 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	ENTRADA: 202529410
	AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA-SELLO ELECTRÓNICO - 09/12/2025 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/12/2025 11:03:46 [RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS ENTRADA GENERAL 2025 29410 - 09/12/2025 11:02	Fecha: 09/12/2025 Hora: 11:02 Und. reg:GENERAL

